

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0344	Metodoloxía da intervención social	2018/2019	4	133	133

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA ESTHER SANTOS PÉREZ, ESTEFANÍA GARCÍA AMOR (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Metodoloxía da Intervención Social é un módulo que se imparte no Ciclo Superior de Técnico en Integración Social. As aprendizaxes previstas para este módulo aparecen recollidas no Decreto 73/2016 que desenvolve o Real Decreto 1074/2012 que establece o título de técnico superior en integración social e as súas correspondentes ensinanzas mínimas.

Neste sentido o Decreto 73/2016 establece que o módulo de Metodoloxía da intervención social ten unha duración de 133 horas e contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización, intervención e execución, avaliación, promoción e difusión, e xestión de calidade e administración, pois permite coñecer os principais modelos de intervención social e os métodos, as estratexias e os instrumentos para realizar a análise da realidade en que se interveña, así como os modelos e os principios xerais de planificación.

-A función de organización abrangue aspectos como: Detección de necesidades; Programación; Xestión e coordinación da intervención; Elaboración de informes.

-A función de intervención e execución abrangue aspectos como: Recollida de información; Organización da actuación; Aplicación de estratexias de intervención; Control, seguimento e avaliación das actividades; Elaboración e formalización da documentación asociada.

-A función de avaliación fai referencia á aplicación dos procedementos deseñados para o control e o seguimento da intervención no seu conxunto.

-A función de promoción e difusión abrangue aspectos como: Promoción de campañas e proxectos; Elaboración de soportes publicitarios.

-A función de xestión de calidade abrangue aspectos como: Valoración do servizo; Control do proceso.

-A función de administración abrangue aspectos como: Xestión de inventarios e documentación; Xestión de recursos humanos, materiais e económicos; Atención ás persoas usuarias; Xestión de licenzas, autorizacións, permisos, etc.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse no sector de servizos ás persoas, nos seguintes subsectores:

- Atención de carácter asistencial ás persoas.

- Apoio na xestión doméstica.

- Atención de carácter psicosocial ás persoas.

No sector de servizos á comunidade aplícanse nestes subsectores:

- Atención psicosocial a colectivos e ás persoas en desvantaxe social.

- Mediación comunitaria.

- Inserción ocupacional e laboral

- Promoción da igualdade entre homes e mulleres.

A formación do módulo de Metodoloxía da Intervención social contribúe a acadar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:



- a) Interpretar información seleccionando as estratexias e os recursos pertinentes para elaborar proxectos de integración social adecuados á persoa destinataria, ao contexto e ao marco legal, e que incorporen a perspectiva de xénero, así como a defensa dos dereitos das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e as súas fillas.
- b) Identificar as competencias requiridas ao persoal técnico superior en Integración Social e aos membros do equipo interdisciplinario, analizando o contexto de intervención e os criterios de calidade establecidos na planificación, para dirixir e supervisar a posta en práctica de proxectos e programas.
- c) Aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación identificando os protocolos e os recursos pertinentes, para xestionar a documentación e realizar as actuacións administrativas asociadas á intervención.
- d) Seleccionar recursos e estratexias metodolóxicas, interpretando a normativa relativa a requisitos técnicos e instalacións, para programar actividades de integración social.
- e) Identificar os niveis de intervención, analizando os factores influentes para deseñar, pór en práctica e avaliar intervencións dirixidas á prevención da violencia doméstica.
- f) Identificar as necesidades de atención física das persoas usuarias en relación, de ser o caso, coas axudas técnicas dispoñibles, para deseñar, supervisar e avaliar actividades que dean resposta a estas.
- g) Analizar as características das unidades de convivencia e identificar as variables salientables para organizar, supervisar e avaliar actividades de apoio á xestión doméstica.
- h) Seleccionar estratexias metodolóxicas e pautas de actuación, identificando os recursos necesarios, para organizar, levar a cabo e avaliar actividades de apoio psicosocial.
- i) Seleccionar estratexias metodolóxicas e pautas de actuación, concretando as axudas técnicas necesarias, para organizar, levar a cabo e avaliar actividades de adestramento en habilidades de autonomía persoal e social.
- j) Seleccionar estratexias metodolóxicas e de avaliación, aplicando os criterios establecidos polo equipo interdisciplinario, para deseñar e levar a cabo actividades de intervención socioeducativa.
- k) Analizar as necesidades de adestramento, mediación e apoio técnico en función dos recursos sociolaborais dispoñibles para organizar, levar a cabo e avaliar actividades de inserción laboral e ocupacional.
- ñ) Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación, analizando os criterios e os indicadores de calidade establecidos na programación, para realizar o control, o seguimento e a retroalimentación da intervención.
- w) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

A formación do módulo de Metodoloxía da Intervención social contribúe a acadar as seguintes competencias do ciclo formativo:

- a) Elaborar proxectos de integración social aplicando a normativa legal e incorporando a perspectiva de xénero.



- b) Dirixir a posta en práctica de proxectos de integración social coordinando as actuacións necesarias para as levar a cabo, e supervisar a realización das actividades con criterios de calidade.
- c) Realizar actuacións administrativas asociadas ao desenvolvemento do proxecto, aplicando as tecnoloxías da información e da comunicación, para xestionar a documentación xerada.
- d) Programar actividades de integración social aplicando os recursos e as estratexias metodolóxicas máis adecuadas.
- e) Deseñar e pór en práctica actuacións para previr a violencia doméstica, e avaliar o seu desenvolvemento.
- f) Deseñar actividades de atención ás necesidades físicas e psicosociais, en función das características das persoas usuarias e do contexto, e controlar e avaliar o seu desenvolvemento.
- g) Organizar as actividades de apoio á xestión doméstica, en función das características da unidade de convivencia, e controlar e avaliar o seu desenvolvemento.
- h) Organizar e desenvolver actividades de apoio psicosocial, amosando unha actitude respectuosa coa intimidade das persoas, e avaliar o seu desenvolvemento.
- i) Organizar e desenvolver actividades de adestramento en habilidades de autonomía persoal e social, e avaliar os resultados conseguidos.
- j) Deseñar e desenvolver actividades de intervención socioeducativa dirixidas ao alumnado con necesidades educativas específicas colaborando co equipo interdisciplinar.
- k) Organizar e pór en práctica programas de inserción laboral e ocupacional, e avaliar o seu desenvolvemento e o seu axuste ao itinerario prefixado.
- m) Realizar tarefas de mediación entre persoas e grupos aplicando de xeito eficiente técnicas participativas e de xestión de conflitos.
- ñ) Realizar o control e o seguimento da intervención, con actitude autocrítica e aplicando criterios de calidade e procedementos de retroalimentación, para corrixir as desviacións detectadas.
- u) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	PLANIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN SOCIAL	Introdución aos diferentes modelos teóricos e niveis de planificación social	9	7
2	ANÁLISE DA REALIDADE	Nesta unidade identifícanse os métodos de investigación social, e aplícanse segundo a súa adecuación á realidade a estudar.	37	28
3	PROXECTOS DE INTERVENCIÓN	Esta unidade trata sobre os niveis de planificación da intervención social e os diferentes modelos de planificación que existen, incorporando a perspectiva de xénero nas intervencións.	30	23
4	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN De PROXECTOS DE INTERVENCIÓN	Pretende aproximar ao alumnado as estratexias de promoción e difusión de proxectos de intervención social	20	15
5	PERSPECTIVA DE XÉNERO	Esta unidade trata de achegar a consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos sociais.	19	14
6	AVALIACIÓN DA INTERVENCIÓN	Preténdese que o alumnado sexa capaz de avaliar as súas intervencións	18	13



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	PLANIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN SOCIAL	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina os elementos que constitúen un proxecto de intervención social en relación cos modelos de planificación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Comparáronse modelos teóricos de intervención social
CA2.4 Descríbóronse as fases do proceso de planificación

4.1.e) Contidos

Contidos
Modelos teóricos na intervención social.
Planificación na intervención social. Principais modelos e tipos de planificación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	ANÁLISE DA REALIDADE	37

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina métodos, técnicas e instrumentos para a análise da realidade social, e interpreta as súas características e o ámbito de aplicación	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os métodos, as técnicas e os instrumentos principais de obtención de información
CA1.2 Concretáronse os requisitos de aplicación dos instrumentos e dos recursos
CA1.3 Identifícanse as aplicacións, as posibilidades e as limitacións das técnicas e dos instrumentos
CA1.4 Elaboráronse instrumentos coherentes coa súa finalidade
CA1.5 Empregáronse as tecnoloxías da comunicación na elaboración de instrumentos para a obtención de información
CA1.6 Seleccionáronse as técnicas de análise adecuadas á situación
CA1.7 Xustificouse o papel da análise da realidade no éxito da intervención
CA1.8 Valoráronse os aspectos éticos da recollida e tratamento da información

4.2.e) Contidos

Contidos
Métodos e técnicas da investigación social: Conceptos e aspectos teóricos básicos. Investigación-acción. Técnicas e instrumentos cualitativos e cuantitativos. Análise das técnicas básicas de mostraxe. Análise das fontes e dos sistemas principais de rexistro da información: observación, entrevista, cuestionario, enquisa e compilación documental.
Elaboración, planificación e aplicación de instrumentos de análise da realidade: observación, entrevista, cuestionario e enquisa.
Fiabilidade e validez da información. Valoración das posibilidades e as limitacións dos sistemas de obtención e rexistro da información.
Uso das tecnoloxías da información e da comunicación na investigación social.
Análise e interpretación de datos: métodos, técnicas e instrumentos. Estatística básica.
Valoración dos aspectos éticos da recollida de información.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	PROXECTOS DE INTERVENCIÓN	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina os elementos que constitúen un proxecto de intervención social en relación cos modelos de planificación	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Identifícaronse os niveis de planificación na intervención social
CA2.3 Comparáronse modelos de planificación
CA2.5 Xustificouse a necesidade de fundamentar adecuadamente os proxectos de intervención social
CA2.6 Identifícaronse os elementos fundamentais da planificación
CA2.7 Comparáronse métodos, técnicas e instrumentos aplicables na intervención social

4.3.e) Contidos

Contidos
Técnicas de programación características da intervención social.
Proceso de planificación.
Toma de conciencia da importancia dunha adecuada fundamentación do proxecto de intervención social.
Valoración do proxecto como eixe da intervención da persoa coa titulación de técnico superior.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN De PROXECTOS DE INTERVENCIÓN	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina estratexias de promoción e difusión de proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre os recursos dispoñibles e os obxectivos perseguidos	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Explicáronse os conceptos e os procesos básicos relativos á publicidade e aos medios de comunicación
CA3.1.1 Explicáronse os conceptos e os procesos básicos relativos á publicidade
CA3.1.2 Explicáronse os conceptos e os procesos básicos relativos aos medios de comunicación
CA3.2 Argumentouse a importancia dos medios de comunicación na promoción e na difusión dos proxectos sociais
CA3.3 Identificáronse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión
CA3.4 Describíronse os medios, as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos sociais
CA3.5 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración de materiais de promoción e difusión
CA3.6 Deseñáronse campañas de promoción e difusión de proxectos sociais utilizando recursos de diversa índole
CA3.7 Argumentouse a necesidade de promover e difundir os proxectos sociais
CA3.8 Xustificouse a necesidade de garantir a veracidade informativa nos procesos de promoción e difusión dos proxectos sociais

4.4.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de publicidade e comunicación.
Publicidade e medios de comunicación na intervención social.
Elementos básicos na organización dunha campaña de promoción e difusión dun proxecto social.
Medios, estratexias e técnicas de promoción e difusión de proxectos sociais.
Elaboración de materiais para a promoción e a difusión de proxectos sociais.
Uso de tecnoloxías da información e da comunicación na promoción e na difusión de proxectos sociais.
Deseño de campañas de promoción e difusión de proxectos sociais.
Valoración da importancia da veracidade nos procesos de promoción e difusión de proxectos sociais.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	PERSPECTIVA DE XÉNERO	19

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Incorpora a toma en consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre o marco teórico e legal vixente, e as estratexias e os criterios utilizados	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Argumentouse a importancia da análise da realidade tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais
CA4.2 Argumentouse a necesidade de incorporar a consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social
CA4.3 Interpretouse o marco lexislativo que promove a igualdade de oportunidades
CA4.4 Analizouse a información e os recursos das institucións e dos organismos de igualdade que existan no ámbito da intervención
CA4.5 Identificáronse os criterios para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos proxectos
CA4.6 Analizáronse os protocolos internacionais sobre o uso da linguaxe non sexista
CA4.7 Asegurouse o uso non sexista da linguaxe na planificación dos proxectos de intervención social
CA4.8 Identificáronse as estratexias para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos instrumentos de promoción e difusión
CA4.9 Identificáronse as principais manifestacións de violencia de xénero como un reflexo da desigualdade entre homes e mulleres

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise da realidade tomando en consideración as diferenzas sexuais.
Consideración das diferenzas sexuais no deseño de proxectos de intervención social.
Marco legal da igualdade de oportunidades. Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.
Análise de recursos e organismos que promoven a igualdade entre mulleres e homes.
Protocolos internacionais. Guías e manuais de linguaxe non sexista.
Criterios para a consideración das diferenzas sexuais nos proxectos de intervención social.
Consideración das diferenzas sexuais nos instrumentos de promoción e de difusión.
A violencia de xénero: factores, manifestacións e consecuencias.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	AVALIACIÓN DA INTERVENCIÓN	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Define procedementos de avaliación de proxectos de intervención social, para o que analiza os modelos teóricos, tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbóronse modelos, técnicas e instrumentos de avaliación na intervención social
CA5.2 Explicáronse as funcións e os principios xerais da avaliación
CA5.3 Descríbóronse as fases da avaliación
CA5.4 Concretáronse as técnicas, os indicadores, os criterios e os instrumentos de avaliación de proxectos de intervención social
CA5.5 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade nos proxectos deseñados
CA5.6 Determináronse estratexias e instrumentos para verificar a incorporación da consideración das diferenzas sexuais en proxectos de intervención social
CA5.7 Argumentouse a necesidade da avaliación para mellorar o funcionamento dos programas e garantir a súa calidade
CA5.8 Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración e a presentación de informes de avaliación e memorias

4.6.e) Contidos

Contidos
Avaliación de proxectos de intervención social: modelos, técnicas e instrumentos.
Análise do proceso de avaliación.
Soportes informáticos no tratamento, na organización e na comunicación da información.
Elaboración de informes e memorias.
Xestión da calidade nos proxectos de intervención social.
Avaliación e seguimento nas intervencións para impulsar a igualdade entre homes e mulleres.
Valoración da obxectividade na avaliación.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva no módulo serán os seguintes:

CA1.1 - Identifícanse os métodos, as técnicas e os instrumentos principais de obtención de información

CA1.4 - Elaboráronse instrumentos coherentes coa súa finalidade

CA1.5 - Empregáronse as tecnoloxías da comunicación na elaboración de instrumentos para a obtención de información

CA1.6 - Seleccionáronse as técnicas de análise adecuadas á situación

CA2.2. Identifícanse os niveis de planificación na intervención social.

CA2.3. Comparáronse modelos de planificación.

CA2.4. Descríbonse as fases do proceso de planificación.

CA2.6 Identifícanse os elementos fundamentais da planificación

CA3.1. Explicáronse os conceptos e os procesos básicos relativos á publicidade e aos medios de comunicación.

CA3.3. Identifícanse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión.

CA3.4. Descríbonse os medios, as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos sociais.

CA3.5. Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración de materiais de promoción e difusión.

CA3.6. Deseñáronse campañas de promoción e difusión de proxectos sociais utilizando recursos de diversa índole.

CA4.1. Argumentouse a importancia da análise da realidade tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais.

CA4.4 - Analizouse a información e os recursos das institucións e dos organismos de igualdade que existan no ámbito da intervención

CA4.5 - Identifícanse os criterios para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos proxectos.

CA4.7 - Asegurouse o uso non sexista da linguaxe na planificación dos proxectos de intervención social

CA4.8. Identifícanse as estratexias para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos instrumentos de promoción e difusión.

CA4.9. Identifícanse as principais manifestacións de violencia de xénero como un reflexo da desigualdade entre homes e mulleres.

CA5.1. Descríbonse modelos, técnicas e instrumentos de avaliación na intervención social.

CA5.3. Descríbonse as fases da avaliación.

CA5.4. Concretáronse as técnicas, os indicadores, os criterios e os instrumentos de avaliación de proxectos de intervención social.

CA5.6 Determínáronse estratexias e instrumentos para verificar a incorporación da consideración das diferenzas sexuais en proxectos de intervención social.

CUALIFICACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Para calcular a cualificación de cada unidade didáctica primeiramente cualifícanse entre 0-10 cada un dos CAs que a compoñen. Cada CA será ponderado polo peso que o CA ten na UD. Nos CAs non considerados "mínimos exigibles" poderán obter unha cualificación menor de 5 e non precisan ser recuperados pero os CAs "mínimos exigibles" non superados deberán ser recuperados para aprobar esa UD. Unha unidade considérase superada cando se superen os mínimos exigible a cualificación final sexa de 5 ou máis de

Para superar o módulo, deberán superarse todas as UD que o compoñen, e polo tanto, todos os CAs considerados como "mínimos exigibles". A

cualificación final do módulo será o resultado da suma das cualificacións de ditas unidades, unha vez ponderadas polo peso que cada unidade ten no conxunto do módulo.

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

A cualificación reflectida no boletín do primeiro trimestre e segundo trimestre, será o resultado da suma das cualificacións finais das unidades traballadas no trimestre ponderado polo peso que dita suma ten sobre a cualificación máxima que o alumno/a pode obter no trimestre.

A cualificación do boletín do terceiro trimestre, será igual á cualificación final do módulo.

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DOS CA NON SUPERADOS

A recuperación dos CAs non superados realizarase tendo en conta as seguintes consideracións:

- No caso de non superar as probas escritas previstas para cada CA, o alumno/a deberá realizar unha nova proba, relacionada cos criterios de avaliación non superados.
 - No caso de non obter cualificacións positivas nos CAs avaliados mediante outros instrumentos (táboas de indicadores, rexistros anecdóticos...) o alumno/a deberá repetir a elaboración (traballo documental, ensaio de comportamento...) sobre a que se aplica dito instrumento ou realizar outra elaboración similar, relacionada co criterio de avaliación correspondente.
- O prazo previsto para as probas escritas entrega ou demostración das elaboracións non superadas, poderá coincidir coa proba final do módulo. En tódolos casos anteriores, as actividades de recuperación previstas concretarase para cada alumno/a nun informe individualizado, que tomará como referencia os criterios de avaliación non superados.
- O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, do período da súa realización, e da data en que será avaliado.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que a alumna non acade unha cualificación positiva nas avaliacións realizará as actividades de recuperación que establecerá a profesora de forma individualizada atendendo aos déficits da alumna e co fin de acadar os obxectivos do módulo. As actividades de recuperación terán lugar no prazo estipulado pola normativa vixente, entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

Se as medidas de reforzo tomadas ao longo do curso resultan insuficientes e algunha alumna non supera o módulo e promociona, faranse actividades de recuperación no período previsto a tal fin pola normativa vixente e unha proba das mesmas características que a deseñada para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua.

Estas actividades concretarase para cada alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe e os contidos básicos non adquiridos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En aplicación dos artigos 25.2 e 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a avaliación ten un carácter continuo pero o alumnado que perda o dereito á avaliación continua na modalidade presencial terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.



Dado que o módulo de Metodoloxía da intervención social ten unha duración de 133 horas, o número máximo de faltas de asistencia para ter dereito á avaliación continua será de 14 horas. Para determinar a perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación desas faltas.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica (cada unha cun peso dun 50% da nota total) sobre os contidos do módulo e na Elaboración e presentación de actividades similares as realizadas ao longo do curso na aula e traballos extra (para compensar as faltas de asistencia), que o alumnado presentará en tempo e forma (a criterio da profesora).

Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento máis ou menos amplo, de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 3 horas.

Parte práctica: poderá incluír contidos procedimentais abordados ao longo do módulo que requiran a aplicación de estratexias, técnicas e protocolos específicos de intervención. A duración desta proba terá un máximo de 3 horas.

Para acadar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes que a compoñen. Se a primeira parte non supera o 5 xa non correxirá a segunda.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será mensual e darase conta do mesmo no rexistro da aplicación informática de xestión das programacións. Para a avaliación da práctica docente atenderase aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado previstas polo sistema de calidade do CIFP, pero tendo en conta, que a avaliación corresponde, en primeiro lugar, á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. A profesora provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a avaliación son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rendabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a realización da avaliación inicial, o primeiro día do curso coa titora o alumnado cubrirá unha enquisa que ten como obxectivo coñecer as



características e a formación previa de cada alumno e alumna así como as súas capacidades e orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente. A información recollida será analizada polo equipo educativo en xunta de avaliación, momento no que se tomarán as decisión oportunas sobre as medidas de reforzo educativo.

Ao comezo da módulo e de cada unidade de traballo realizarase unha avaliación inicial, valorando os coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a impartir.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias.

Entre as medidas que desde un principio se establecen nesta programación destacamos:

- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir.
- Estar abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.
- Favorecer a ubicación do alumnado no lugar máis adecuado ás súas características.
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Propoñer actividades de traballos colaborativos en pequenos grupos ou en parella.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A temática do módulo posibilita o debate co alumnado sobre os principais temas transversais, que estarán integrados en boa parte das actividades. A educación para a saúde será destacada coma unha compoñente esencial dunha vida plena, máis alá da comprensión daquela como a falla de enfermidade, contemplandoa pois como a capacidade de funcionar e relacionarse cos seus semellantes dun xeito enriquecedor para sí mesmo e para a colectividade.

A educación para a paz traballarase en todas as actividades de cooperación, resolución pacífica de conflitos e co respecto das opinións alleas, características imprescindibles para a intervención social e, todavía máis importante, nun contexto progresivamente máis intercultural.

En relación coa educación para o consumo e educación ambiental, e preciso suliñar a consideración dos diversos niveis que relacionan o consumo co estilo de vida, tendo coma protagonista principal o respecto ó medio ambiente.

Tendo en conta as capacidades do alumnado neste ciclo superior, considerase necesario insistir nos aspectos actitudinais dos temas transversais, o que, dadas diversas condicións permitiría un enfoque axeitado da súa actuación profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asociada a este módulo considéranse de interese as actividades as seguintes:

- Vista a diferentes entidades da cidade coordinadas con CIS ao logo dos tres trimestres
- Charla dun profesional que traballa con proxectos sociais na infancia, no 2º trimestre